

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIONES PÚBLICAS

3325 *Real decreto 217/2015, do 27 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 810/2006, do 30 de xuño, de organización, funcións e provisión de postos de traballo das consellerías de Turismo nas misións diplomáticas de España.*

A entrada en vigor da nova Lei 2/2014, do 25 de marzo, da acción e do servizo exterior do Estado, afecta directamente as consellerías de Turismo e o traballo que teñen encomendado, polo que é conveniente tamén adaptar as disposicións do Real decreto 810/2006, do 30 de xuño, á dita norma legal, varios de cuxos preceptos inciden na organización das misións diplomáticas de España e na definición da acción exterior.

Igualmente, o Real decreto 1823/2011, do 21 de decembro, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais, creou o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e a Secretaría de Estado de Turismo no seu seo e suprimiu o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. Pola súa banda, o Real decreto 1887/2011, do 30 de decembro, polo que se establece a estrutura básica dos departamentos ministeriais, suprimiu a Secretaría Xeral de Turismo e Comercio Interior.

Todo isto fai agora necesario modificar o Real decreto 810/2006, do 30 de xuño, de organización, funcións e provisión de postos de traballo das consellerías de Turismo nas misións diplomáticas de España, no que respecta á súa dependencia funcional, administrativa e orzamentaria, ao órgano competente para o nomeamento dos conselleiros e á composición da Comisión Asesora de Destinos no Exterior, que ve reforzado o seu papel ao establecerse que será preceptivo oíla con carácter previo á provisión dos postos de funcionarios nas consellerías de Turismo. Ademais, créase un novo órgano colexiado, a Comisión Técnica de Valoración das Consellerías Españolas de Turismo, para a análise e medición do seu funcionamento e o persoal destinado nelas.

Doutra banda, con ocasión desta modificación normativa resulta conveniente establecer con claridade o prazo máximo de permanencia dos funcionarios nas consellerías de Turismo e o prazo mínimo de servizo en España entre destinos no estranxeiro, así como a forma de cómputo dos ditos prazos. Ademais, en lugar de méritos preferentes, establécense criterios para a designación de funcionarios nos postos de conselleiros.

Na súa virtude, por iniciativa conxunta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo e do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de marzo de 2015,

DISPONGO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 810/2006, do 30 de xuño, de organización, funcións e provisión de postos de traballo das consellerías de Turismo nas misións diplomáticas de España.*

O Real decreto 810/2006, do 30 de xuño, de organización, funcións e provisión de postos de traballo das consellerías de Turismo nas misións diplomáticas de España, queda modificado como segue:

Un. O número 2 do artigo 1 queda redactado da seguinte maneira:

«2. As consellerías de Turismo articúlense como oficinas españolas de turismo no exterior para o exercicio das funcións que, no marco das competencias da Secretaría de Estado de Turismo do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, lles encomenda este real decreto, sen prexuízo das facultades de supervisión, dirección, impulso e coordinación dos xefes das misións diplomáticas.

En todo caso, esas funcións deberán ser exercidas conforme as directrices, os plans e os programas que o Goberno estableza como estratéxicos en relación coa acción exterior en materia de turismo.»

Dous. O artigo 2 queda redactado do modo seguinte:

«Artigo 2. *Dependencia.*

As consellerías de Turismo son órganos técnicos especializados da misión diplomática que, baixo a dependencia xerárquica do embaixador, lle prestan asesoramento e apoio técnico e asisten este e a misión no desempeño das súas funcións, no desenvolvemento da acción exterior en materia de turismo, sen prexuízo da súa dependencia orgánica e funcional da Secretaría de Estado de Turismo, a través do Instituto de Turismo de España e do seu director xeral, aos cales lles corresponde a súa organización interna e dotación orzamentaria.»

Tres. O número 1 do artigo 3 queda redactado como segue:

«1. Con carácter xeral, a actuación das consellerías de Turismo, no ámbito da acción exterior en materia de turismo, centrarase no apoio ao exercicio no exterior das funcións que corresponden á Secretaría de Estado de Turismo e ao Instituto de Turismo de España conforme a estratexia de acción exterior fixada polo Goberno.

En concreto, a actuación das consellerías de Turismo, no ámbito da acción exterior en materia de turismo, orientarase á promoción da imaxe de España como destino turístico e á planificación, ao desenvolvemento, á execución e ao seguimento de actividades de carácter promocional do sector turístico español nos mercados internacionais, así como ao apoio á comercialización de produtos turísticos españois no exterior.

Así mesmo, a dita acción incluírá o exercicio das relacións turísticas internacionais tanto de carácter bilateral como coas organizacións turísticas internacionais de carácter multilateral, así como o fomento da cooperación turística internacional.

Tamén comprenderá a asistencia e a información ás entidades e ás empresas turísticas españolas na súa actividade internacional e o apoio á súa implantación no exterior e contribuirá especialmente á difusión no exterior da «Marca España» ao ser a acción turística un aspecto decisivo da imaxe de España no exterior.»

Catro. A redacción do artigo 5 pasa a ser a seguinte:

«Artigo 5. *Creación e supresión.*

A creación ou supresión dunha consellería de Turismo realizarase mediante real decreto, por iniciativa do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, logo de informe do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, e por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, logo de informe do Consello Executivo de Política Exterior. No anexo deste real decreto recóllese a relación de consellerías existentes.»

Cinco. O artigo 6 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 6. *Convocatoria e forma de provisión dos postos de funcionarios nas consellerías de Turismo.*

1. Os postos de traballo de funcionarios serán provistos polo procedemento de libre designación en atención ás súas especiais características de responsabilidade, de conformidade co establecido na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, e no Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de

traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo.

2. En todo caso, será preceptivo oír, con carácter previo, a Comisión Asesora de Destinos no Exterior da Secretaría de Estado de Turismo, a que se refire o artigo 8 deste real decreto.

3. No primeiro cuadrimestre de cada ano publicarase a convocatoria ordinaria para a provisión de vacantes nas consellerías de Turismo que se deban cubrir durante o mesmo ano. Poderanse efectuar, ademais, en calquera momento, cantas convocatorias extraordinarias se precisen, se así o exixen as necesidades do servizo.»

Seis. O artigo 7 queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 7. *Requisitos para a designación nos postos de conselleiros e conselleiros adxuntos de Turismo.*

Para poder ser designado para un posto de conselleiro ou conselleiro adxunto nunha consellería de Turismo exixiranse os seguintes requisitos:

a) Pertencer a algún dos corpos de funcionarios da Administración xeral do Estado clasificados no subgrupo A 1, segundo o establecido na correspondente relación de postos de traballo, e cumprir os demais requisitos establecidos neste real decreto.

b) Atoparse na data de publicación da convocatoria nalgunha das situacións administrativas relacionadas no artigo 85 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, e no artigo 2 do Regulamento de situacións administrativas dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 365/1995, do 10 de marzo, excluídas a excedencia voluntaria por interese particular, a excedencia voluntaria incentivada e a suspensión de funcións.

c) Coñecer os idiomas que requira a correspondente relación de postos de traballo.»

Sete. O artigo 8 pasa a ser o 9 e queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 9. *Criterios para a designación de funcionarios nos postos de conselleiro e conselleiro adxunto de Turismo.*

Para a elaboración da proposta de resolución das convocatorias para a provisión de postos, a Comisión Asesora de Destinos no Exterior terá en conta os seguintes méritos:

a) Servizos prestados e natureza e nivel dos postos ou cargos desempeñados.
b) Formación e experiencia acreditada nas materias obxecto da competencia da Secretaría de Estado de Turismo.

c) Idoneidade, preparación técnica e profesional para o adecuado desempeño do posto en relación coas características específicas de cada destino no exterior.

d) O coñecemento dos idiomas que, de ser o caso, se estableza na convocatoria.

e) Os informes da Comisión Técnica de Valoración que existan, de ser o caso, de destinos anteriores

f) Outros requisitos especificados na convocatoria.»

Oito. O artigo 9 pasa a ser o 8 e queda redactado como segue:

«Artigo 8. *Comisión Asesora de Destinos no Exterior das consellerías de Turismo.*

1. A Comisión Asesora de Destinos no Exterior é o órgano consultivo encargado de asesorar o titular da Secretaría de Estado de Turismo sobre as

propostas de resolución das convocatorias para a provisión de postos de persoal funcionario nas consellerías españolas de Turismo. Estará formada por:

- a) Presidente: o titular da Dirección Xeral do Instituto de Turismo de España, cuxo voto dirimirá os posibles empates nos acordos que se vaian adoptar.
- b) Vogais:

1.º Dous designados polo titular da Presidencia do Instituto de Turismo de España, entre persoal funcionario do organismo con nivel orgánico de subdirector xeral.

2.º Un designado polo titular da Subsecretaría de Industria, Enerxía e Turismo, entre titulares das subdireccións xerais dese órgano.

3.º Un designado polo titular da Dirección Xeral da Función Pública do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, entre o seu persoal funcionario deste órgano directivo con nivel orgánico de subdirector xeral.

4.º Un designado polo titular da Dirección Xeral do Servizo Exterior do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, entre o seu persoal funcionario deste órgano directivo con nivel orgánico de subdirector xeral.

c) Secretario, con voz e voto, o titular da Subdirección Xeral de Xestión Económico-Administrativa e Tecnoloxías da Información do Instituto de Turismo España que, nos casos de vacante, ausencia, enfermidade, ou calquera outra causa xustificada, poderá ser substituído polo titular da Subdirección Xeral Adxunta de Xestión Económico-Administrativa e Tecnoloxías da Información.

Así mesmo, poderán ser convocados ás reunións da Comisión outros funcionarios que, en virtude do seu posto de traballo, a Comisión considere oportuno consultar, que asistirán con voz pero sen voto.

2. A Comisión Asesora de Destinos no Exterior terá como función elevar ao secretario de Estado de Turismo unha proposta non vinculante sobre os seguintes aspectos:

a) A resolución das respectivas convocatorias de postos nas consellerías españolas de Turismo.

b) A análise sobre as propostas de modificacións desta normativa, á vista das especiais características da acción exterior en materia de turismo e da heteroxeneidade dos países en que teñen a súa sede as consellerías españolas de Turismo.

c) A concesión das prórrogas dos períodos de estadía e os cesamentos dos funcionarios destinados nas consellerías españolas de Turismo previstos neste real decreto, oída a Comisión Técnica de Valoración das Consellerías Españolas de Turismo.»

Nove. O artigo 10 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 10. *Comisión Técnica de Valoración das Consellerías Españolas de Turismo.*

1. A Comisión Técnica de Valoración das Consellerías Españolas de Turismo constitúese como un órgano colexiado, adscrito á Secretaría de Estado de Turismo, para a análise e a valoración do funcionamento das consellerías españolas de Turismo e do desempeño do persoal destinado nelas.

2. A Comisión Técnica de Valoración das Consellerías Españolas de Turismo estará composta polos seguintes membros:

- a) Presidente: o director xeral do Instituto de Turismo de España.
- b) Vogais:

1.º Dous designados polo titular da Presidencia do Instituto de Turismo de España, entre persoal funcionario do organismo con nivel orgánico de subdirector xeral.

2.º Un designado polo titular da Subsecretaría de Industria, Enerxía e Turismo, entre titulares das subdireccións xerais dese órgano.

c) Secretario: o titular da Subdirección Xeral de Xestión Económico-Administrativa e Tecnoloxías da Información que, nos casos de vacante, ausencia, enfermidade, ou calquera outra causa xustificada, poderá ser substituído polo titular da Subdirección Xeral Adxunta de Xestión Económico-Administrativa e Tecnoloxías da Información.

3. As funcións desta comisión serán as seguintes:

a) Informar a Comisión Asesora de Destinos no Exterior sobre a concesión das prórrogas e dos cesamentos dos funcionarios nas consellerías españolas de Turismo.

b) Valorar o desempeño no posto de traballo de todos os funcionarios destinados nas consellerías españolas de Turismo no exterior.

c) Propor recomendacións ou suxestións que considere oportunas relativas ao funcionamento e á organización do traballo nas consellerías españolas de Turismo no exterior e ao desempeño no posto de traballo dos funcionarios destinados no exterior.

4. A Comisión poderá reunirse tantas veces sexa convocada polo seu presidente para atender o exercicio das súas funcións. En calquera caso, deberá convocarse e reunirse antes da convocatoria ordinaria para a provisión de vacantes nas consellerías de Turismo no exterior.

5. A Comisión regularase, no non previsto neste real decreto, polas disposicións do capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.»

Dez. O actual artigo 10 pasa a ser o 11 e queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 11. *Nomeamento.*

1. O secretario de Estado de Turismo nomeará os funcionarios. Unha vez efectuados os nomeamentos, darase traslado destes ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, a quen corresponde a acreditación ante o Estado receptor ou organización de que se trate.

2. A resolución das convocatorias ordinarias producirase, salvo circunstancias excepcionais, antes do 1 de maio.»

Once. Incorpórase un novo artigo 12.

«Artigo 12. *Tomas de posesión e cesamentos.*

1. As tomas de posesión, correspondentes ás convocatorias ordinarias, terán lugar durante o terceiro trimestre do ano, excepto cando se indique doutra forma na convocatoria. No caso de convocatorias extraordinarias, realizaranse nas datas establecidas nelas, en función das necesidades do servizo.

Dentro destes límites, as datas concretas de substitución serán fixadas polo director xeral do Instituto de Turismo de España e comunicadas aos funcionarios entrantes e saíntes.

2. Para todos os efectos, os períodos a que se refire esta norma computaranse tomando en conta as datas efectivas de toma de posesión ou de cesamento do funcionario no correspondente destino.»

Doce. O artigo 11 pasa a ser o 13 e queda redactado do modo seguinte:

«Artigo 13. *Prazos de permanencia dos funcionarios nas consellerías de Turismo.*

1. O período de permanencia dos funcionarios nun posto de traballo nunha consellería de Turismo determinarase na convocatoria e ao final deste período producirase o cesamento. O prazo de permanencia dos funcionarios no posto de traballo será dun máximo de cinco anos, cun mínimo de tres anos.

O dito período mínimo de permanencia de tres anos poderá ser prorrogado polo órgano competente para o nomeamento por períodos anuais, por petición do interesado, ata o indicado máximo de cinco anos. Os funcionarios deberán solicitar as correspondentes prórrogas por escrito antes do 1 de xaneiro do ano en que finalice o prazo mínimo ou a prórroga concedida.

2. O establecido no número 1 deste artigo enténdese sen prexuízo do disposto no artigo 58 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios da Administración xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo.

3. Unha vez producido o cesamento dun funcionario no posto que ocupase nunha consellería, por calquera das causas previstas na normativa aplicable, incluídas as do número 1, non poderá ser destinado a ningún posto da mesma ou doutra destas consellerías ata que transcorrese un mínimo de tres anos continuados en servizo activo en España contados desde a data do cesamento.

4. Todos os prazos empezarán a contar desde o día da ocupación efectiva do posto ou do cesamento efectivo nel.»

Trece. O artigo 12 pasa a ser artigo 14 e queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 14. *Persoal laboral.*

Os postos de persoal laboral cubriranse logo de superación de probas de selección adecuadas ao posto convocadas polo Instituto de Turismo de España, que formalizará o correspondente contrato laboral conforme a lexislación laboral do lugar en que se encontre a consellería española de Turismo.

Os sistemas de selección establecidos non serán aplicables naqueles países en que a contratación de persoal se debe facer obrigatoriamente a través dos seus respectivos servizos de contratación.»

Catorce. O anexo substitúese polo que se insire en continuación:

«ANEXO

Relación de consellerías de Turismo

Consellería de Turismo en Berlín.
Consellería de Turismo en Frankfurt.
Consellería de Turismo en Múnic.
Consellería de Turismo en Bos Aires.
Consellería de Turismo en Bruxelas.
Consellería de Turismo en Sao Paulo.
Consellería de Turismo en Toronto.

Consellería de Turismo en Cantón.
Consellería de Turismo en Pequín.
Consellería de Turismo en Copenhague.
Consellería de Turismo en Nova York.
Consellería de Turismo en Chicago.
Consellería de Turismo en Los Ángeles.
Consellería de Turismo en Miami.
Consellería de Turismo en Helsinqui.
Consellería de Turismo en París.
Consellería de Turismo en Mumbai.
Consellería de Turismo en Milán.
Consellería de Turismo en Roma.
Consellería de Turismo en Dublín.
Consellería de Turismo en Toquio.
Consellería de Turismo en México.
Consellería de Turismo en Oslo.
Consellería de Turismo na Haia.
Consellería de Turismo en Varsovia.
Consellería de Turismo en Lisboa.
Consellería de Turismo en Londres.
Consellería de Turismo en Singapur.
Consellería de Turismo en Moscova.
Consellería de Turismo en Estocolmo.
Consellería de Turismo en Zürich.
Consellería de Turismo en Viena.»

Disposición adicional única. *Non incremento do gasto público.*

A aplicación das previsións deste real decreto non implicará aumento do gasto público, nin suporá incremento de retribucións, nin de dotacións, nin doutros gastos de persoal ao servizo do sector público; nin sequera en concepto de axudas de custo ou gastos por desprazamento con motivo da asistencia ás súas reunións dos membros da Comisión Asesora de Destinos no Exterior das consellerías de Turismo e da Comisión Técnica de Valoración das Consellerías Españolas de Turismo que se crean por este real decreto.

Disposición transitoria única. *Aplicación dos prazos de permanencia ás situacións iniciadas con anterioridade á entrada en vigor do real decreto.*

Os prazos de permanencia máxima nas consellerías de Turismo e de permanencia mínima na Administración xeral do Estado en España, previstos nos números 1 e 3 do artigo 13, tamén serán aplicables ás situacións iniciadas antes da entrada en vigor deste real decreto. Computaranse para efectos do período de permanencia máximo de cinco anos en consellerías de Turismo a totalidade do tempo que se desempeñase de forma efectiva o actual posto de traballo ou dous postos de traballo consecutivos nelas.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de marzo de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO